



ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN ANPA CEIP QUINTÁN-MONDEGO

CAPITULO I

DENOMINACIÓN, FINS, ENDEREZO E ÁMBITO

Artigo 1º.- Coa denominación A.N.P.A. **QUINTÁN** del CEIP PEDRO BARRIE DE LA MAZA de SADA **procedese a adapta-los Estatutos** desta Asociación, ó abeiro da Lei Orgánica do Dereito á Educación 8/1985 e da Lei Orgánica 1/2002 do 22 de Marzo e demais leis e disposicións complementarias, con capacidade xurídica e plena capacidade de obrar, carecendo de ánimo de lucro.

Artigo 2º.- Esta Asociación constitúese por tempo indefinido.

Artigo 3º.-Terá como fins os seguintes:

- a) Asistir ós pais/nais, titores e/ou familias en todo aquilo que concerne á educación dos seus fillo/as e pupilo/as.
- b) Colaborar nas actividades educativas e extraescolares do Centro.
- c) Promove-la participación das familias do alumnado na xestión no Centro.
- d) Asistir ás familias do alumnado no exercicio do seu dereito á intervir no control e xestión do Centro.
- e) Facilita-la representación das familias do alumnado no Consello Escolar do Centro.
- f) Estimula-la participación das familias do alumnado na programación xeral do ensino a traveso do órgano colexiado correspondente.
- g) Fomenta-las relacións de cooperación do Centro con outros establecementos escolares e os sectores sociais e culturais do entorno.
- h) Promove-la plena realización do principio de gratuidade no ámbito do Centro, así como a efectiva igualdade de dereitos de todo o alumnado sen discriminación por razóns socioeconómicas, ideolóxicas, confesionais, raza, sexo, saúde ou capacidade.
- i) Requerir ós poderes públicos o cumprimento das leis, regulamentos e plans de actuación relativos ó ensino, recabando a atención a axudas que ésta merece.
- j) Promover actividades formativas, culturais e de estudo.
- k) Promover reunións de colaboración das familias co profesorado e as boas relacións entrambos.



- l) Defender e apoiar o ensino público.
- m) Promover unha ensinanza de calidade que desenvolva a personalidade humana no respecto ós principios democráticos de convivencia, dereitos e liberdades, ó amparo de canto determina a Constitución Española e o Estatuto de Autonomía.
- n) Elevar propostas, suxerencias, informes e consultas ó claustro, dirección, inspección, Delegación provincial da Consellería de Educación, Concello e calquer outra entidade competente, sempre que se estime oportuno para a boa marcha do centro ou cando se observen deficiencias que incidan negativamente na educación do alumnado.
- o) Promover tódalas actividades non recollidas nestos estatutos, que poidan ser consideradas pola Xunta Directiva de interese ou formativas para as familias e alumnado do centro e non sexan contrarias á Lei.
- p) todos aqueles outros fins non recollidos nos estatutos e que sexan conformes á lei.

Artigo 4º.- Para o cumprimento destes fins realizaranse, lóxicamente, todas aquelas actividades formativas, culturais e de estudo, e reunións con tódolos sectores da comunidade educativa e todas aquelas outras tendentes a cumprir os fins sinalados e que sexan conformes á lei e decididas polos órganos competentes.

Artigo 5º.- Para a realización das actividades que lle son propias, a Asociación empregará locais do Centro, e a tal fin o Director facilitará a integración de ditas actividades na vida escolar tendo en conta o normal desenvolvemento da mesma.

Artigo 6º.- Para o mellor cumprimento dos fins, esta Asociación intégrase na Federación Provincial de APAS de Centros Públicos de A Coruña, e conxuntamente con outras APAS na Confederación Galega de APAS de Centros Públicos (CONFAPA-GALICIA) e a nivel estatal na Confederación Española de APAS (CEAPA).

Artigo 7º.- O ámbito da Asociación é provincial e fixa o seu enderezo en CEIP PEDRO BARRIE DE LA MAZA, Rúa Miguel Pereiro Tacón, s/n Quintán-Mondego, SADA.



CAPITULO II

ÓRGANOS DE REPRESENTACIÓN - DA XUNTA DIRECTIVA

Artigo 8º.- Xunta Directiva

- a) A Asociación estará representada e administrada por unha Xunta Directiva formada por:
- Presidente
 - 2 Vicepresidentes
 - Secretario
 - Administrador-Tesoureiro
 - Vocais titulares
 - Vocais colaboradores
 - O nº de vocais será como resultado da Asemblea.

Estos serán designados e revocados pola Asemblea Xeral Ordinaria ou Extraordinaria e o seu mandato terá unha duración de tres anos.

- b) Consideraranse membros titulares con voz e voto o Presidente, Vicepresidentes, Secretario, Administrador-Tesoureiro e Vocais Titulares.

Artigo 9º.- A elección de membros da Xunta Directiva pola correspondente Asemblea, será polo procedemento de listas abertas.

Artigo 10º.- A Xunta Directiva elegerá de entre os seus membros os cargos correspondentes.

Artigo 11º.- Os membros da Xunta Directiva que esgotasen o prazo para o que foron eleixidos, continuarán ostentando os cargos ata o momento en que se produza a aceptación dos que lles van a substituír.

Artigo 12º.-Baixas e vacantes

- a) As vacantes que se puidesen producir pola renuncia voluntaria comunicada por escrito á Xunta Directiva, ou por incumprimento das obrigas inherentes ó cargo, poderán cubrirse provisionalmente por membros que designen a Xunta Directiva ata que se celebre a primeira reunión da Asemblea Xeral.



- b) A estes efectos causarase baixa na Xunta Directiva como membro titular pola non asistencia a 4 reunións consecutivas, ou a 7 ó longo do curso, aínda con causa xustificada. Poderase continuar en condición de vocal colaborador.

Artigo 13º.-Reunións

- a) A Xunta Directiva reunirse de xeito periódico tódolos meses do curso escolar e ademáis sempre que sexa convocada polo seu Presidente. Tamén deberá reunirse, a petición dun tercio da totalidade dos seus compoñentes titulares (Presidente, Vicepresidentes, Secretario, Administrador-tesoureiro e vocais titulares). Quedará válidamente constituida cando asista a metade máis un dos seus membros e, para que os acordos sexan válidos, deberán ser tomados pola maioría dos votos correspondentes ós presentes con dereito a voto. En caso de empate, o voto do presidente será de calidade para deixar sin efecto o empate.
- b) As reunións, tanto ordinarias como extraordinarias da Xunta Directiva, deberán ser notificadas a tódolos membros da Xunta Directiva na forma e modo que se estime convinte, mediando non máis de 15 minutos entre a primeira e a segunda convocatoria.
- c) No libro de actas consignarase data, lugar, asistentes, asuntos tratados e acordos adoptados, asinado polo secretario e presidente ou quen exerza as funcións nese momento.
- d) Calquer membro da Xunta Directiva poderá ter acceso ós libros oficiais, cando así o solicite.

Artigo 14º.- As facultades da Xunta Directiva estenderanse, con carácter xeral, a todos os actos propios das finalidades da Asociación, sempre que non requira segundo estes Estatutos, autorización expresa da Asemblea Xeral.

Son facultades particulares da Xunta Directiva:

- a) Dirixi-las actividades da Asociación e leva-la xestión económica e administrativa, acordando realiza-los oportunos actos e contratos.
- b) Executa-los acordos da Asemblea Xeral.
- c) Formular e someter á aprobación da Asemblea Xeral os balances, contas e programa anual de actividades.



- d) Resolver sobre a admisión de socios si fose necesario.
- e) Nomear delegados para algunha determinada actividade da Asociación.
- f) Calquer outra facultade que non sexa da exclusiva competencia da Asemblea e sexa conforme segundo a Lei.
- g) Interpreta-los Estatutos e velar polo seu cumprimento.

Artigo 15º.- O Presidente terá as seguintes atribucións:

- a) Representar legalmente á Asociación ante toda clase de Organismos Públicos ou privados.
- b) Convocar, presidir e levanta-las sesións que celebre a Asemblea Xeral e a Xunta Directiva, así como dirixir as deliberacións dunha e outra.
- c) Ordear pagos e firmar xunto co Administrador-Tesoureiro os libramentos, cheques, etc.
- d) Recibir en nome da Asociación calquer cantidade provinte de subvencións de Entidades Públicas e/ou privadas.
- e) Autorizar coa sua firma os documentos, actos e correspondencia da Asociación.
- f) Adoptar calquer medida urxente que a boa marcha da Asociación aconselle, ou no desenvolvemento das súas actividades resulte necesaria e convinte, sen perxucio de dar conta posteriormente á Xunta Directiva.
- g) Asumirá tamén, en todo caso, as facultades que a Lei establece.

Artigo 16º.- Os Vicepresidentes serán os encargados de substituir ó Presidente en ausencia de éste, motivada por enfermidade ou calquera outra causa, e terá as mesmas atribucións que éste. O Presidente poderá delegar en éstos as súas competencias para a atención ou xestión de asuntos determinados ou un conxunto dos mesmos previa conformidade da Xunta Directiva. Tamén poderán asumi-las funcións encomendadas do Secretario e/ou Administrador-tesoureiro, previa conformidade da Xunta directiva.

Artigo 17º.- O Secretario terá ó seu cargo a Dirección dos traballos meramente administrativos da Asociación, expedirá certificacións, levará os Libros da Asociación legalmente establecidos e o ficheiro de Asociados e custodiará a documentación da Entidade, facendo que se cursen as comunicacións sobre designación de Xuntas Directivas e demais acordos sociais inscribibles nos correspondentes rexistros,



así como a presentación do programa de actividades e do cumprimento das obrigas documentais, nos termos que legalmente correspondan; ademáis velará pola conservación dos locais sociais e gardará o selo da Asociación. A estes efectos consideraranse libros oficiais: libro de caixa, libro de actas e libro de rexistro de socios.

Artigo 18º.- O Administrador-tesoureiro estará encargado de recaudar e conservar os fondos e bens da Asociación. Levará o libro de Caixa e firmará os libramentos de fondos xunto co Presidente e/ou Vicepresidentes; elaborará o proxecto de orzamento que a Xunta Directiva debe presentar ante a Asemblea Xeral e preparará e presentará as contas anuais que deban someterse a dita Asemblea.

Artigo 19º.- Vocais titulares e vocais colaboradores.

- a) Os Vocais titulares terán as obrigas propias do seu cargo como membro da Xunta Directiva e poderán recibir por acordo de ésta o encargo de presidir ou coordinar grupos de traballo así como a execución de encargos, comisións, representacións e outras tarefas que pola Xunta Directiva lle fosen encomendadas.
- b) Os vocais colaboradores participarán e colaborarán, xa sexa de xeito puntual e/ou continuado, individual ou formando parte de grupos de traballo nas actividades desenvolvidas pola Asociación, e/ou tarefas encomendadas pola Xunta Directiva.
 1. Os vocais colaboradores poderán asistir a tódalas reunións da Xunta Directiva, con voz pero sin voto, e non lles afectará a causa de baixa pola non asistencia á ditas reunións fixada no artigo 12.
 2. Os vocais colaboradores terán dereito a un voto como colectivo, que delegarán nun representante, que será membro titular da Xunta Directiva.
 3. A relación dos vocais colaboradores cos demás membros titulares da Xunta Directiva e a súa implicación en decisións tomadas pola Xunta, canalizarase vía un membro titular designado pola Xunta Directiva.

Artigo 20º.- Os membros da Xunta Directiva poderán delega-lo seu voto noutro membro da Xunta.



- a) Para a delegación de voto, requirírase autorización escrita e firmada con explicitación da reunión para a que se refire a delegación de voto.
- b) Ningún dos membros da Xunta Directiva poderá ostentar máis dunha representación.
- c) A delegación de voto non exime das razóns de baixa pola non asistencia fixadas no artigo 12.

CAPÍTULO III- DA ASEMBLEA XERAL

Artigo 21º.- A Asemblea Xeral é o órgano supremo e soberano da Asociación e estará integrada por tódolos socios/as.

Artigo 22º.- As **reunións** da Asemblea Xeral serán ordinarias e extraordinarias.

- a) A ordinaria celebrarase obrigatoriamente unha vez ó ano, dentro dos catro meses seguintes ó peche do exercicio e nela propondrase a aprobación das contas e orzamentos e programa xeral da actuación social. Tamén nela procederáse á elección de membros da Xunta Directiva cando corresponda por imperativo estatutario.
- b) As extraordinarias celebraranse cando as circunstancias o aconsellen, a xuício do Presidente, cando a Xunta Directiva o acorde ou cando o pida e solicite formalmente por escrito motivado un dez por cento dos asociados.

Artigo 23º.- As **convocatorias** das Asembleas Xerais realizaranse por escrito expresando o lugar, data e hora da reunión, así coma a orde do día con expresión concreta dos asuntos a tratar.

- a) Entre a convocatoria e a data sinalada para a celebración da asemblea, en primeira convocatoria, haberá de mediar alomenos 15 días, podendo asimesmo facerse constar na data e hora en que se reunirá a Asemblea en segunda convocatoria, sen que entre unha e outra poda mediar un prazo inferior a media hora.
- b) A Asemblea Xeral extraordinaria poderá reduci-lo prazo de convocatoria a 48 horas, por razóns de urxencia, apreciadas pola Xunta Directiva.
- c) As asembleas xerais, tanto ordinarias coma extraordinarias, quedarán válidamente constituídas en primeira convocatoria cando concuran a ela a maioría dos



asociados e en segunda convocatoria, calquera que sexa o número de asociados presentes.

Artigo 24º.- Os acordos tomaranse por maiorías simple das persoas presentes ou representadas, cando os votos afirmativos superen ós negativos non sendo computables a estes efectos os votos en blanco nin as abstencións.

Para o voto representado, solicitarase autorización escrita e firmada do representado/a con explicitación da Asemblea para a que se refire a delegación de voto. Ningún socio poderá ostentar máis dunha representación ademáis da súa.

Artigo 25º.- Será necesario o voto favorable dos dous tercios dos asociados presentes na Asemblea para adopta-las seguintes decisións:

- a) Nomeamento das Xuntas Directivas.
- b) Disposición e Enaxenación de bens.
- c) Solicitud de declaración de Utilidade Pública da Asociación.
- d) Integración en Federacións.
- e) Modificación Estatutaria.
- f) Disolución da Asociación.

CAPÍTULO IV -DOS SOCIOS

Artigo 26º.- Poderán ser membros da Asociación tódolos pais/nais e titores/as maiores de idade dos alumnos que cursan estudos no CEIP PEDRO BARRIE DE LA MAZA Quintán-Mondego (SADA).

Artigo 27º.- Serán dereitos do/as asociado/as:

- a) Elexir, ser elexible para todas as funcións representativas da Asociación.
- b) Ter voz e voto nas reunións da Asociación.
- c) Tomar parte en todas as actividades da Asociación e empregar os servizos que podan establecerse en beneficio dos socios.
- d) Dirixir peticións e propoñer iniciativas ós Órganos de goberno da Asociación.
- e) Recabar e recibir da Xunta Directiva toda a información que precisen sobre a xestión asociativa.



- f) Asistir a tódalas reunións e actos convocados pola Xunta Directiva.
- g) Colaborar activamente no cumprimento dos fins da Asociación e na execución e eficacia dos mesmos.
- h) Impugna-los acordos dos órganos da asociación que estimen contrarios á lei ou estatutos.
- i) Coñece-los Estatutos da Asociación.

Artigo 28º.- Serán deberes dos/as socios/as:

- a) Coñece-los Estatutos da Asociación.
- b) Observar e cumpri-los estatutos da Asociación e os acordos da Asemblea.
- c) Contribuir económicamente ó sostemento da asociación na forma e modo en que se establezca na Asemblea Xeral.

Artigo 29º.- Causarase baixa na Asociación:

- a) Por petición do interesado.
- b) Por baixa dos fillos matriculados no Centro.
- c) Por impago das cuotas, mediante un apercibemento previo da Xunta Directiva.
- d) Por incumprimento dos Estatutos.
- e) Por uso da Asociación con fins alleos ós específicos da mesma.

Para excluir a calquer socio polas causas do apartado d e e do anterior artigo, deberá abrirse un expediente pola Xunta Directiva na que se sinalarán detalladamente os feitos que orixinan a expulsión. Asemesmo oírase ó propio expedientado que poderá presentar un prego de descargo alegando o que considere convinte para a súa defensa e unirase ó expediente que estudiará a Xunta Directiva e propondrá a decisión que considere oportuna. Si optase pola expulsión, a presentará na seguinte Asemblea Xeral que despois de oír á Xunta Directiva e ó socio si o solicitase, tomará unha decisión que será inapelable.

Artigo 30º.- Os recursos económicos para o desenvolvemento dos fins e actividades da Asociación serán os seguintes:

1. Cuotas dos socios periódicas ou extraordinarias que serán determinadas pola Asemblea Xeral a proposta da Xunta Directiva.
2. As subvencións, legados, herdanzas ou donacións que puidese recibir de xeito legal e que sexan aceptadas, e proveñan tanto de persoas físicas e/ou xurídicas.
3. Calquer outro recurso de procedencia lícita.



Artigo 31º.- A Asociación carece de patrimonio fundacional. O patrimonio social que se vaia constituindo estará composto por tódolos bens que se adquiran para a realización dos fins sociais. A súa administración corresponde á Xunta Directiva.

Artigo 32º.- O exercicio asociativo e o exercicio económico

- a. O exercicio asociativo coincidirá co inicio e finalización do curso escolar que fixe a Administración Educativa para cada ano académico.
- b. O exercicio económico coincidirá co ano natural.

CAPÍTULO V

DISOLUCIÓN

Artigo 33.- Esta Asociación disolverase voluntariamente cando así o acorde a Asemblea Xeral convocada ó efecto e por acordo dunha maioría de dous tercios dos asociados.

Artigo 34º.- En caso de disolución nomearase unha comisión liquidadora, a cal, unha vez extinguidas as débedas e si existise sobranse líquido destinarase a aquelas entidades sen ánimo de lucro adicadas á realización de fins educativos cun espírito similar ó que anima esta asociación e que se sinalará na Asemblea Xeral na que se acorde a liquidación.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

En todo canto non esté previsto nos presentes estatutos aplicarase á vixente lei orgánica 1/2002 do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación, así como a lei orgánica 8/1985 reguladora do Dereito á Educación do 3 de xullo de 1985 e demais disposicións específicas de aplicación provintes da Comunidade Autónoma de Galicia e do Dereito Estatal Supletorio en ausencia do autonómico segundo dispón a Constitución Española.